

ACORDA

CARTOGRAFÍA MUSICAL DA MEMORIA HISTÓRICA DE PONTEVEDRA



 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

 **O pasado por vir**

Deputación de Pontevedra

Presidenta

Carmela Silva Rego

Deputada de Patrimonio documental e bibliográfico e Memoria histórica

María Ortega Iñarrea

© Edición: Deputación de Pontevedra.

Servizo de Patrimonio documental e bibliográfico

Dirección: Ana Vicente Rivas

Revisión lingüística: Beatriz Collazo Martínez

© Textos: Montse Fajardo

Lois Pérez

© Fotografías: Alba Díaz

© Imaxe cuberta: Víctor Coyote

© Deseño e maquetación: Dito&Feito Comunicación

Impresión: Ediciones MIC

ISBN: 978-84-8457-509-2

DL: P0172-2022

ACORDa

CARTOGRAFIA MUSICAL DA MEMÓRIA HISTÓRICA DE PONTEVEDRA

LUCAS TERCEIRO

01

01

1

1

02

03

03

04

>>>> LIMIAR

FOLIADA DE LOITA

Hai na provincia moitos lugares de memoria que son descoñecidos para a meirande parte da poboación, mesmo a das casas veciñas, e é intención do departamento de Memoria Histórica que dirixo sinalalos e reivindicalos para, a través deles, rescatar a verdade do relato, os nomes e as historias das vítimas e as súas familias e, sobre todo, as ideas que perseguían e que o fascismo imposibilitou.

Ir na procura do soño esmagado para intentar acadalo.

ACORDA naceu como unha ferramenta para chamar a memoria, para chamar a xente a acordar, a lembrar o que aconteceu no País despois do golpe do 36.

É ACORDA porque houbo cordas que apresaron mans e corpos, pero tamén porque as cordas son elementos fundamentais para facer música, facer melodías que nos entran na alma. Balizamos con música na crenza de que non hai mellor xeito de converter o terror en memoria que enchendo os lugares de oprobio con cancións, palabras, poemas, arte. En definitiva, con vida.

Nesta primeira andaina escollemos oito lugares singulares da represión e resistencia, conscientes de que fican fóra moitos outros que tamén temos a obriga de percorrer, e viaxamos por eles para enchelos de cancións e voces reivindicativas.

Coa realización de ACORDA tentamos que a mensaxe chegue tamén á

xente moza que, contrariamente ao que se pensa, quere coñecer o pasado para reivindicarse no futuro. A mocidade ten dereito a saber o que pasou durante unha escura época da que non se fala nas escolas, cuxo recordo aínda xera conflito e incomodidade entre unha parte da sociedade, unha parte da nosa clase política. A mocidade ten inquedanzas e tamén quere facer e fai memoria. Para ela, pero o que é máis importante, con ela temos que traballar.

Na Deputación de Pontevedra temos claro que as institucións públicas debemos facer políticas de memoria, camiñar do lado das vítimas para recoñecelas, honralas, e tamén para poñer en valor aqueles ideais que, de terse desenvolvido, hoxe nos brindarían unha sociedade máis avanzada, máis libre.

A democracia debe honrar as ideas, camiñar do lado das vítimas e non branquear episodios e biografías de verdugos como recentemente está a acontecer.

Fixemos ACORDA, como sempre facemos, da man das persoas e colectivos que máis folgos puxeron na loita contra o esquecemento, no intento de encher o baleiro que deixaran no País as políticas públicas aniquiladas pola dereita. Só a súa teimosía imposibilitou que fose total un silencio imposto polo terror da represión franquista, si, pero sustentado no tempo, á man-tenta, por unha democracia cómplice que o perpetuou á par que fomentaba a transmisión dunha versión fraudulenta da historia, na que se equiparaba a quen atentou contra a democracia con quen loitou por mantela. Tan grave é calar como trampear o discurso e, por iso, en ACORDA mesturamos a música coas verbas rebeldes de Telmo Come-saña, Queta Molas ou Blanca Francés. Para que sexa un relato sen edulcorar o que rompa o silencio.

Desde aquí quero agradecer o seu compromiso e o das asociacións que nos acompañaron nas distintas paradas do camiño, sinalando e aconsellando.



Tamén o de Uxía e Marina Carracedo, o de Lois Pérez, o de todas e cada unha das persoas que compuxeron o equipo técnico deste documental e tamén, por suposto, o de Tero Rodríguez, Emilio Rúa, Silvia Penide, Ugia Pedreira, Marina Oural, Eladio Santos, Sheila Patricia, Tanxugueiras, Ezetaerre, Tatán R. Cunha, Andrés Giráldez, Su Garrido e o resto do elenco. Grazas por lembrar as vítimas e berrar contra a impunidade dos seus asasinados nos lugares en que cometeron as atrocidades.

Quixera rematar, como ACORDA, facendo unha parada especial en San Simón, epicentro da loita memorialística da provincia. A declaración como “illa da memoria” en 2006 mudou tras o cambio de goberno na administración autonómica, e as actividades de loita contra o esquecemento foron trocadas por unha programación nada respectuosa coa memoria das vítimas, que inclúe campamentos piratas, procuras do tesouro ou festas do Samaín incompatibles co respecto que mere-

cen elas, as súas familias, e en xeral, o mesmo concepto de democracia.

Por iso, agardo que o documental -que agora chega a todos os centros de ensino e bibliotecas da provincia, contextualizado polas fermosas imaxes de Alba Díaz e os textos de Montse Fajardo e Lois Pérez- axude a reverter esta situación, a entender que San Simón ten que volver a ser, para sempre, illa da memoria e, en definitiva, a coñecer a cartografía dun terror agora convertido en foliada de loita. Agardo que se-
xamos quen de remover conciencias, de xerar sentimentos que nos fagan reflexionar.

Pois, malia a quen lle pese, Pontevedra acorda.

*María Ortega
Deputada de Memoria Histórica
de Pontevedra*



>>>>> CARTOGRAFÍA

O percorrido que realiza Acorda para levar música e palabra a algúns dos lugares da provincia que o fascismo encheu de terror, iníciase en Pontevedra, na praza que marcou os primeiros intres do golpe de Estado ao reunir a resistencia en torno ao Goberno Civil. Moi preto estaba a Escola Normal, metáfora perfecta do que

supuxo o golpe: o lugar onde a República formaba mestres e mestrás, convencida de que só as aulas poderían reducir as desigualdades sociais, foi convertida en cárcere tras o triunfo do golpe na provincia.

A caída do Goberno Civil, o 20 de xullo de 1936, abre a veda para a cazería humana. Inícianse os fusilamentos e multiplícanse os paseos, enchendo de cadáveres as rías e as gabias. Os asasinatos no paredón ían precedidos por consellos de guerra con sentenzas decididas de antemán, ou executábanse tras sorprenden ás vítimas incumprindo os bandos dos golpistas. As sacas nocturnas, porén, non ían aparelladas a ningunha parodia legal. Levaban a quen ían matar e o seu corpo aparecía abandonado coma un despoxo. Pasou na Ponte do Regueiro, na Estrada, onde mataron seis homes. Ou no Pozo da Revolta, en Marín, onde pasaron a Carme Pesqueira a Capirota e deixaron ferida a Dolores Blanco.

PETISCO

O proxecto audiovisual e musical *Acorda*, baixo a dirección artística de Uxía e Marina Carracedo, reúne varias das mellores voces e artistas do noso país así como varios testemuños da barbarie.



Unha mensaxe de paz, memoria e rebeldía para as novas xeracións en varios dos moitos lugares da provincia onde o fascismo franquista acabou coa vida de persoas inocentes.

As fotografías de Alba Díaz rexistraron o proceso de gravación de *Acorda*: unha cartografía musical da memoria histórica na provincia de Pontevedra.

Os asasinados encheron de loito as vilas, e a moitas familias non lles quedou nin o dereito a dó. Os mártires da Ponte do Regueiro conseguiron sepultura por intercesión do cura, Nicolás Mato. Para outros, o único cadaleito foi o mar. Como pasou no Angueiro, en Cangas, onde mataron once mariñeiros, non todos os corpos volveron.

Os ocos que deixou a morte levaron as familias, coa dor, a fame. Moitas mulleres víronse obrigadas a seguir adiante soas. As viúvas e as descendencias orfas tiveron que traballar arreo para comer, e pasaron un inferno na convivencia posterior cos represores, donos das vilas e as vidas. A viguesa Eusebia Pampillón é só un exemplo. O seu fillo, Telmo Comeña, é testemuña do documental ao seu paso por Alcabre. Coa verdade como ferramenta, segue buscando verdade, xustiza e reparación para todas as familias feridas pola barbarie.

O pobo non esquece. Non houbo renuncia á memoria nin no tempo do



terror. Por iso unha vez e outra aparecían nove cruces en Baiona, onde mataran nove veciños do Val de Miñor. As cruces irreverentes da Volta da Bombardeira, para sempre xa A Volta dos Nove. Daba igual que as borraran unha e outra vez, unha e outra volvíanas pintar.

Moitos anos despois, o pobo segue sementando memoria nos lugares de represión e loita. Como A Volta da Moura. As barricadas colocadas nese punto para intentar evitar a caída de Tui foron as que máis aguantaron da provincia, ata o 26 de xuño. E por iso foi o lugar escollido polos golpistas para asasinar os resistentes. Mais, co tempo, a semente deulle outra volta e trocou o lugar en memoria e alerta dos perigos do fascismo.

A andaina de Acorda remata na paisaxe que mellor simboliza a loita contra o silencio: a illa de San Simón, cárcere franquista entre o outono de 1936 e a primavera de 1943, que para sempre ten que ser illa da memoria.



COMO SE FIXO?

Uxía e Marina Carracedo son as directoras deste documental, realizado por Lucas Terceiro, con Pedro Tizón e Clara Alonso nas cámaras, Arturo Vaquero ao mando do son e a propia Marina na produción.



PETISCO

Aquel luns de xullo do 36 na Praza do Concello, mulleres, homes e crianzas asistirían á ignominia máis atroz da historia do noso pobo.

A partir dese día as escolas, piares da II República, deixaron de selo. Tamén as súas mestras e mestres. E profesoras como Ernestina Otero.

Alí onde Ernestina soñara un país mellor serían encarceradas persoas inocentes. Adeus á poesía do garabato, á marabilla do medio pan e un libro. Coma se o reloxo se detivese nunha bágoa do tempo.



>>>>> PRIMEIRA PARADA

ESCOLA NORMAL DE PONTEVEDRA. UN CÁRCERE PARA AS IDEAS

A andaina pola memoria que propón Acorda iniciase no lugar onde todo empeza. Os esforzos por intentar parar o golpe de Estado na provincia centralízanse no Goberno Civil de Pontevedra, a escasos metros do Concello, onde tamén se organizan para resistir. Manuel García Filgueira substitúe na alcaldía a Bibiano

Fernández Osorio-Tafall, que tras as eleccións de febreiro se trasladara a Madrid para exercer como subsecretario de Gobernación. Desde ese posto, Osorio-Tafall coordinará vía telefónica con Alexandre Bóveda o Comité de Defensa da República (CDR) situado no Goberno Civil. Bóveda asume o mando ante o bloque que a situación provoca no gobernador, Gonzalo Acosta Pan. O secretario do Partido Galeguista, Vitor Casas, ocúpase das conexións telefónicas. Todos os concellos son cominados a resistir. A incautar as armas dos elementos de dereitas. Na praza pontevedresa congégase o pobo no intento de defender a esperanza que puxeran na República como ferramenta de loita contra a desigualdade. As milicias son lideradas por Jacobo Zbarsky. Todo é inútil. O Goberno Civil cae en mans dos golpistas o 20 de xullo e as detencións sucédense.

Zbarsky e Bóveda serán as primeiras vítimas da represión que os



golpistas desatan contra quen ousara defender o goberno lexítimo. Jacobo é asasinado o 10 de agosto e Alexandre sete días despois, tras unha parodia de xuízo celebrada naquel mesmo lugar onde se reunira o CDR. Os dez próceres pontevedreses que participaron nel, en maior ou menor medida, foron xulgados e fusilados o 12 de novembro na Caeira. Eran José Adrio, Amancio Caamaño, Telmo Bernárdez, Luís Poza, Juan Rico, Germán Adrio, Ramiro Paz, Vitor Casas, Paulo Novás e Benigno Rey.

Os golpistas detivéronos e estiveron encerrados no primeiro dos escenarios do documental: a Escola Normal de Pontevedra.

É a metáfora perfecta do que supuxo o golpe de Estado: aquel edificio que durante a II República acollera aulas nas que formar o profesorado é convertido polo fascismo español nun cárcere, onde se amorearon as persoas que defenderan a II República. De aí saíu Bóveda o último día,

aquel 17 de agosto, para sempre xa data de honra da Galiza mártir.

A pedagoga redondelá Ernestina Otero fora directora da Escola Normal naquel tempo en que o goberno republicano tratou o ensino como unha ferramenta fundamental para loitar contra a desigualdade. Non vían posíbel acadar unha democracia plena sen un pobo alfabetizado, e as mestres e os mestres eran a ferramenta para instruílo. Por iso apostaron pola súa formación e dignificación. Melloraban a súa preparación nas Escolas Normais e logo transmitían o seu coñecemento nunhas aulas inspiradas pola Institución Libre de Enseñanza, onde *la letra con sangre entra* fora substituída pola inoculación de inquiredanzas culturais e ansias de coñecer nas novas xeracións.

Pero a escola tamén foi represaliada pola barbarie. As aulas da Normal de Pontevedra convertéronse en celas e a que fora a súa directora foi expulsada da docencia nos primei-





COMO SE FIXO?

ros compases do franquismo. Mais, lonxe de acovardarse, Ernestina escolleu resistir e ser solidaria. Por iso, cando pouco despois do golpe o seu home, Luís Pereira, faleceu de tanta humillación e tanta aldraxe, ela converteu a rebotica da súa farmacia nunha improvisada tinturaria na que lavaba as roupas dos presos de San Simón, aos que tamén lles facía empanadas ou lles organizaba concertos, para combater con auga osixenada, xoubas e música a desolación da barbarie que afogara Galicia a golpe de fascismo.



Lois Pérez, guionista e condutor do documental, protagoniza o paseo de Acorda por Pontevedra. Acompañano Lois Pérez Díaz, no papel do neno, e a actriz e integrante de Os Quinquilláns Tero Rodríguez, que en varios momentos do documental se mete na pel da mestra Ernestina Otero.



>>>>> SEGUNDA PARADA

CEMITERIO DE FIGUEROA (A ESTRADA). UN REGUEIRO DE MORTES

A Galiza mártir deixou un regueiro de cadáveres. Espalláronse as sacas nocturnas sen argallar sequera parodias de xuízo como as que precederon o fusilamento de Bóveda. Sacaban a vítima da cela, da súa casa ou do acubillo onde se agochaba e, logo de asasinala, abandonaban o seu corpo. Nin dereito a unha tumba tiñan os inimigos da nova patria, acusados de rebelión por quen

se levantara en armas contra o goberno saído das urnas apenas catro meses antes do seu golpe de Estado. A Igrexa, cómplice, avalou a falta de compaixón amosada na vitoria, mais houbo sacerdotes que quixeron ser consecuentes coas propias prédicas de misericordia e esixiron dignidade no tratamento da morte.

Como o cura estradense Nicolás Mato, que desoíu a negativa de gardas e falanxistas e deu sepultura no cemiterio de Figueroa aos seis asasinados o 9 de outubro de 1936: Juan Bacariza Sánchez, Xesús Froiz Gómez, Severino García Teijeiro, José Domingo González Boullosa, Manuel Guillán Abalo e Ramón Muíños Lorenzo. Severino si fora xulgado tres días antes por ter unha escopeta de caza, pero nin seque-
ra funcionaba e foi absolto. Que pouco lles importou aos seus asasinados. Matárono dous días antes de que a xustiza ordenase que quedase libre.

A noite anterior torturáronos no

PETISCO

A Estrada era unha vila sumida na dor e a impotencia da xente leal á democracia.

O 9 de outubro, en Ponte de Regueiro, ás portas da vila, seis homes foron asasinados.



Por que estaban alí aqueles meniños? Andaban xogando preto do cemiterio de Figueroa. Pero a retina das crianzas é coma unha caixa negra: rexístrao todo e nunca esquece.

Severino, José Domingo, Juan, Ramón, Manuel e Jesús. As mulleres da vila, canda o crego Nicolás Mato e coa axuda do xuíz Bouza Brey pediron enterralos cunha mínima dignidade. Roubáranlles a chuvia e non deixaba de chover.

cuartel. Tamén o mestre vilagarcían Manuel Guillán Abalo, casado coa estradense Josefa Agulló. A irmá dela, Herminia, era a muller de Ángel Pereira Renda, falanxista clave á hora de garantir as comunicacións dos golpistas na provincia, colaborando así no seu rápido triunfo. Daquela se dixo que mataran a Manuel para que non lle puidera contar as atrocidades que lles fixeran os seus na véspera do crime.

A familia de Ángel non era desas ideas. Nin a súa irmá Virxinia, casada con Castelao, nin os seus curmáns Camilo e María Pereira Rial, militantes do Partido Galeguista. María apoiou a loita do párroco por un enterro digno para os seis asasinados na Ponte do Regueiro. Malia que o seu propio home, Manuel Vázquez Cruz, Gaitas, estaba procesado e lle pedían pena de morte, foi ao cemiterio de Figueroa levarlles flores, e seguírona no aceno resistente varias mulleres da vila. Co tempo, tivo que marchar a Pontevedra, para poder poñerllas tamén ao seu home, fusilado



na capital o 2 de decembro malia os informes favorables do xuíz Fermín Bouza Brey e Mato.

Ela nunca puido recuperar o seu corpo como fixo Rosalía Génova, a viúva do tapiceiro José Domingo González Boullosa. A Rosalía prendéranla en Vilagarcía e, os meses que estivo presa, a súa descendencia foi espallada entre varias familias. Cando saíu, xuntouna de novo e foi a Figueroa sacar coas propias mans da terra o corpo do home. Nicolás Mato pagara do seu peto as caixas de piñeiro mais non lle deixaran sequera poñerlles unha táboa co nome. Os *rojos* tiñan que ser borrados da face da Terra. Sen dereito ao dó e á xustiza. Nin sequera os seis da Ponte de Regueiro, a pesar das explicacións que o xuíz Bouza Brey lles pediu aos falanxistas. Alegaron que seis persoas de distinta procedencia que nin se coñecían argallaran unha fuga, e a posibilidade de que fosen condenados ficou enterrada coas súas vítimas nunha foxa que ningunha xustiza volveu abrir nunca.



Emilio Rúa e **Silvia Penide** cantan na Estrada *Vida miña*. A gravación conta coa dramatización de **Gonzalo Valcárcel**, na pel de Nicolás Mato, de **Clara Iglesias** como María Pereira Rial, e de María Porto no papel dunha das mulleres anónimas que lles levaron flores aos mártires da Ponte do Regueiro. **Sofía Núñez** e, de novo, **Lois Pérez Díaz** son as crianzas que cantan e cantan.



>>>>> TERCEIRA PARADA

POZO DA
REVOLTA (MARÍN).
O BERRO DA
LAVANDEIRA

O relato está en débeda co papel das mulleres na solidariedade e na resistencia. Malia as consecuencias, foron moitas as que, no tempo dos paseos, o cárcere e as rapas, prestaron axuda a fuxidos e mesmo denunciaron os abusos dos represores.

A lavandeira de Marín, Carmen Pesqueira, a Capirota pagouno coa súa vida. A memoria oral do pobo gardou que a tarde do 17 de agosto se enfrontara á cuadrilla do alemán Bruno Scheweiger, dirixente falanxista e un

dos represores máis sanguinarios da provincia. Contan que ía cara ao río coa roupa que lles lavaba aos militares do Polígono Janer, e atopouse na rúa da Ponte cos gardas, que lle estaban a dar unha malleira a un mariñeiro maior por non responder, brazo en alto, ao seu saúdo fascista.

Reprochóullelo e esa mesma noite fórona buscar. Deixaron só o seu fillo de catro anos e con ela no coche marcharon a Cangas, na procura de Dolores Blanco Montes, presidenta do sindicato de atadeiras La Reivindicadora, para sacala da casa cun camión apenas cuberto polo mandil. Polo camiño foron insultándoas, Lola botouse a chorar e Carmen tentou consolala. Mal sabía que só Lola ficaría para contar a historia.

O coche fixo o camiño de volta a Marín e á altura de Bagüin, na parroquia de Mogor, mandáronas baixar. Á canguesa levouna Marcial, un garda que coñecía, en dirección ao mar. “Non chore, señora”. Os tiros que as-





PETISCO

Carmen Pesqueira, a Capirota, traballaba no Priorado e era tamén costureira. Tiña un meniño de catro anos. Tíñanlle medo.

Por iso a mazaron e a humillaron.

Lola Blanco Montes era a presidenta do Sindicato de Atadeiras e sobreviviu de milagre logo de que lle disparasen. No Pozo da Revolta en Bagüín, mataron a Carmen A Capirota e deixárona tirada.

O exemplo de loita delas dúas brilla aínda coma o mar de Marín nas noites de ardora. Un berro irreverente contra a inxustiza atravesou a noite fascista.

asinaban a Carmen no Pozo da Revolta retumbaron na noite. Lola caeu ao chan. Marcial disparoulle no brazo para salvar a súa propia sorte mais deixouna quedar con vida.

Vagou polo monte cinco días en camisión e mandil. Buscou acubillo en casas amigas, con medo de ir á súa por se a volvían ir buscar. Chegaron horas de desacougo para as fillas, que xa miraran como levaban tamén o pai, o sindicalista José Rodal. Cando Lola por fin volveu, levárona presa e pasou cinco anos en Pontevedra e Satturrarán, o cárcere situado na baía vasca de Ondarroa que o franquismo reservaba para as reas consideradas especialmente rebeldes e perigosas, é dicir, para aquelas que, coma Lola, se implicaran na vida política e sindical, agora que a República empezaba a recoñecerlles dereitos como cidadás. Mais os avances quedaran frustrados co triunfo do golpe e a instauración dunha ditadura que as volveu relegar ao exclusivo papel de nais e esposas.

Os devezos de liberdade de mulleres



como a Capirota ficaram no pozo. A súa rebeldía foi castigada coa morte e na mañá daquel 18 de agosto o seu cadáver nu e mutilado foi paseado pola contorna nunha camioneta e tirado nunha rúa de Bueu, para que ningunha volvese ousar ser libre.

Aínda así, moitas seguiron resistindo, colaborando con quen fuxía, coa guerrilla, negándose a levantar a man en adhesión á barbarie. Deixando o legado da memoria como fixeron Dolores Blanco e a súa filla, Lola Rodal. Malia a mágoa do intento de paseo da nai, da prisión do pai e do asasinato do irmán, Ángel Rodal Blanco, con tan só vinte anos, Lola lembrou sempre e para sempre denunciou a barbarie. A Ángel detivéranlo logo da deserción do irmán, José, que deixou as filas dos inimigos da súa familia para combater na armada republicana. Ángel pagou a súa ousadía e José chorou a derrota no campo de concentración de Bizerta, onde o recluíron tras fuxir a Túnez. Mais a memoria familiar non foi fuxidía. E, malia o terror, permanece.



Ugia Pedreira canta nun lavadouro de Marín o *Romance da lavandeira*, e métese na pel da Capirota para berrar contra a barbarie e bater na indiferenza que lle dá amparo. Xunto a ela, o acubillo poético de **Marina Oural**. Tamén **Lois Pérez** é quen de facer poesía no Pozo da Revolta, que bicou con auga as feridas da Capirota.

CANGAS ACORDA

CARTOGRAFIA MUSICAL DA MEMORIA HISTÓRICA DE PONTEVEDRA



>>>>> CUARTA PARADA

ANGUIEIRO (CANGAS) O QUE FICA NO MAR

Non todas as vilas tiveron un Nicolás Mato. Non todos os corpos tiveron un cadaleito. O país está cheo de foxas e o mar é a máis grande. A dor da perda incrementouse coa imposibilidade de recuperar os corpos dos seres queridos. O pranto entullouse na gorxa das familias que perderan a guerra, privadas ata do dereito ás bágoas.

O 28 de agosto mataron no Anguieiro once traballadores -mariñei-

ros, canteiros, mecánicos e albaneis, que cometeran o delito de perseguir o soño de ter dereitos a través da militancia en sindicatos e agrupacións políticas. Como a Alianza Mariñeira. Como as Xuventudes Socialistas Unificadas. Estaban no tempo dos soños. José Nores só tiña 16 anos; Eugenio Bastos e Alejandro Martínez Pazó, 20; Daniel González Graña e Estanislao Ferreiro Núñez, 24; Antonio Blanco Rodal, 26. O maior era Normandino Núñez, e tan só tiña 46. A morte golpeou Cangas con saña. Nas casas de Alejandro e de Estanislao bateu dúas veces, levándolles tamén os irmáns: José Martínez Pazó tiña 25 anos e Antonio Ferreiro, 32.

Os lobos saíron cazar de noite. E levaron tamén a Guillermo Fernández e Secundino Ruibal. Once en total. Primeiro foron polos mariñeiros, Daniel, Normandino e Antonio, que acababa de chegar do mar. Logo foron polos canteiros de Darbo, Guillermo e os irmáns Ferreiro. O pai deles le-





PETISCO

A República caera, si, pola corda frouxa do horizonte. A noite e a madrugada do 27 e o 28 de agosto foron por eles, polos once de Angueiro.

Fusiláronos e leváronos nunha camioneta ao peirao da conserveira Cervera. Fondeáronos no mar, amarrados a uns ferros. O noso país era un tesouro baleiro.

Todo soaba a silencio. Ás súas familias roubáranlles o feitizo, só a boca chea de area pola ausencia. Dos outros non se soubo máis, pero navegaran por sempre con nós.



vantoulles acta do roubo na noite. Por último, foron polos outros cinco e levaron todos nunha camioneta ata o alto da Portela. Baixáronos, coas mans atadas, na fonte do Angueiro. Matáronos e tiraron os seus corpos ao mar, suxeitos ás pranchas que usaban na conserva para asar o peixe. Un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez... Faltoulles un, Estanislao.

Intentara fuxir da morte saltando da camioneta e correra cara a Aldán, onde tiña un tío. Pero non lle quixo axudar. O medo, quizás. Así que subiu cara ao monte de Subrido do Hío e alí foi onde lle deron caza as bestas. Rodeárono catorce falanxistas e, tras torturalo tan salvaxemente que suplicaba pola morte, arroxaron o seu corpo despezado polas baionetas ao



mar. Nunca máis volveu. Porén, á ría atragoóuselle a barbarie e cando xa pasaran corenta días, o 9 de outubro, trouso os corpos de Antonio Blanco, Daniel González, Normandino Núñez, José Martínez e Antonio Ferreiro.

O país está cheo de foxas e o océano é a máis grande. Mais a memoria é como unha onda e seguirá sempre batendo, furando o silencio como o mar a pedra. Francisco Ferreiro deixou escrito o calvario do fillo:

“Allí lo mataron a bayoneta, teniendo a menos de gastar pólvora, pues el pobre muchacho les pedía por todos los seres que ellos más querían que lo dejaran o que le dieran un tiro y ellos riéndose de la barbarie le dicen que para los de las ideas rojas no había perdón, luego que lo espedazaron (sic) lo tiraron entre las peñas de la costa, donde bañaba el cadáver el agua del mar”.

Dende aquela, cada 28 de agosto, é Cangas quen lembra.



COMO SE FIXO?

Sheila Patricia canta *Manolo mío* e conta a súa historia familiar.

Na páxina anterior, **Xoán Chillón** e **Camilo Caamaño**, integrantes do colectivo 28 de agosto

ALCABRE ACORDA

CARTOGRAFIA MUSICAL DA MEMORIA HISTÓRICA DE PONTEVEDRA



>>>>> QUINTA PARADA

ALCABRE. O SILENCIO QUE NUNCA MÁIS CALOU

As sacas na noite, o mar cuspiendo morte e, na terra, as procesións de terror paseando cadáveres, fixeron que no ar se inzase o silencio. As familias víronse obrigadas a calar, e en moitas casas non quedou oco nin para o murmurio. Mais, xa o dixo Castelao, cos corpos meteron semente, e a semente agroma chea de memoria.

Telmo Comesaña tiña pouco máis de dous anos cando mataron seu pai e

deixaron súa nai, Eusebia Pampillón, con dúas criaturas, el e Margarita, tirando da vida en silencio. Pero o sangue de José Comesaña Pérez chamou pola memoria, e o fillo orfo rescatouno do esquecemento para espallar pola Terra, co seu, os nomes do resto das vítimas. Na madrugada daquel 6 de outubro sacaron seis traballadores do cárcere no que pecharan as súas ideas sindicais. Un lugar dedicado ao deporte, o Frontón vigués, ficara convertido en antesala do terror. Metéronos nunha camioneta e, de camiño a Gondomar, fóronos asasinando en dúas quendas. A José, ao seu irmán Antonino e a Emilio Giráldez Rodríguez baixáronos xa en A Pasaxe. Fernando Costas Iglesias, Emilio Comesaña Sobreira e Manuel Villar Cima devila tiveron que seguir co seu terror un pouco máis, ata Vichicáns, na mesma parroquia de Vincios. As dúas cunetas foron escaparates dos corpos, para que ninguén ousara, coma eles, ter ideas, soñar con outro tempo.



PETISCO

A seis homes desta parroquia matáronos a madrugada do 6 de outubro de 1936. Entre eles, o pai de Telmo Comesaña.



A súa nai, Eusebia Pampillón, quedou viúva logo do Golpe e tentou sacar adiante dúas crianzas. Alfageme e La Artística distinguíronse por contrataren mulleres viúvas dos asasinados.

O estigma, a marxinação e a dor da perda irreparábel foi o triste lazo entre miles de mulleres galegas anónimas.

Vítimas en vida de todos os xeitos imaxinabeis de crueldade.

Levantáronos ás cinco da tarde e a garda civil ordenou ao carreteiro Manuel Alonso que os volvera xuntar nun carro para levalos ata o cemiterio de Mañufe, no mesmo concello. Para que non ficasen amoreados como animais, o mestre don Rogelio prometeulle os zapatos dos seis a quen cavase media ducia de ocos, e foi por iso que os enterraron en foxas individuais, sen máis mortalla nin cadaleito. Só a Emilio lle pagou a caixa, cando soubo da súa sorte, un veciño do municipio que lle fixera de médico.

Polo camiño a Gondomar ficou tamén a vida que tiñan que ter tido as cinco viúvas e as quince criaturas orfas de quen loitara por herdarlles unha vida mellor. Emilio Comesaña era o presidente da directiva da sociedade de agricultores do barrio vigués de Alcabre, da que tamén formaban parte José e Antonino. Entre as tarefas do sindicato incluían botar man cando fose preciso. Unha das



orfas de Emilio, Argentina, lembraba cando foran axudarlle a atar as viñas á señora Purifica, a Penaca, que tiña o marido impedido.

Tamén ensinaban a ler e a escribir, que daquela había moita xente analfabeta e a ignorancia é como corda de monicreque en man de cacique. Por iso, o goberno republicano abriu escolas, formou mestras e mestres, e levou polas vilas misións pedagóxicas cargadas de libros e facendo teatro. Quixeron atopar no ensino e na cultura ferramentas para loitar contra a desigualdade, e que a xente rica non fose cada vez máis rica a costa da fame das familias pobres.

Mais non foi daquela. E as viúvas como Eusebia tiveron que traballar arreo por catro pesos. No mar, no agro ou nas fábricas que lles daban traballo ás familias dos *rojos*, que eran as menos. E en silencio foron regando a semente no tempo ata que o silencio comezou a falar e xa ninguén foi quen de calalo.



A interpretación de *Agardarei* de **Eladio Santos** mestúrase co testemuño de **Telmo Comesaña**. A súa nai, Eusebia Pampillón, é interpretada por **Laura Pérez**, e na pel das mulleres que a acompañan están **Ana Facchini** e **María Diéguez**.

BAIONA ACORDA

CARTOGRAFIA MUSICAL DA MEMÓRIA HISTÓRICA DE PONTEVEDRA



>>>>> SEXTA PARADA

A BOMBARDEIRA (BAIONA). A VOLTAS COA MEMORIA

A memoria empeñouse en resistir e nin o terror puido borrar o relato, tan forte como era a teima de quen se negaba a esquecer.

A memoria é a única lápida que lles queda aos corpos sen cadaleito e é, mesmo, a cruz dos seus asasinados, a que marca a ignominia coa que pasarán á historia. En Baiona, a memoria ten nove cruces que lembran nove homes paseados na enseada da Bom-

bardeira na noite que partía en dous outubro do 36. Lembran nove viúvas e trinta e unha criaturas que ficaron orfas. Mais foron, tamén, recordatorio perenne para os brazos executores. Sobre a terra da curva onde cometeron o seu crime, o pobo pintaba con teimosía unha longa raia horizontal que cortaban outras nove, unha por cada un dos sete mariñeiros, do labrego e do ferreiro, aos que lles quitaran a vida. Por moito que os gardas as borrarán, as cruces sempre aparecerán de novo.

Nunca lle deu Baiona tregua a aquel crime atroz que enchera de loito tantas casas da vila, de Panxón, da Ramallosa. Con el, os falanxistas buscaban vingarse da morte dun dos seus, o cobrador de arbitrios Luis Refojo Mariño, abatido a tiros na redada que dous días antes, o 13 de outubro de 1936, acabara coa vida dos irmáns José e Luís López Luís, os Ineses, e da muller que lles dera acubillo, Dolores Samuelle, Perfeuta.



PETISCO

34 |

A noite do 15 de outubro de 1936, un cabo da Garda civil e a banda de matóns falanxistas subiron a unha furgoneta sete mariñeiros, un ferreiro e un labrego. Eran de esquerdas. Fusiláronos aquí, na Bombardeira.

Castelao dixo que “non enterran cadavres, enterran semente”.

A veciñanza cicelou no chan nove cruces no seu recordo. De nada valeu que unha e outra vez os fascistas as borrasen: volvían aparecer unha e outra vez.

Insurrección. Enorme compromiso cívico e firme resistencia ao fascismo.

Ningunha violencia pode coa loita pacífica das persoas pola democracia.

José e Luís estaban sendo perseguidos pola súa vinculación coa Sociedade Obreira de Sabarís, da que foran dirixentes. Na memoria do pobo quedou que sospeitaron de Perfeuta porque levaba o xornal á casa do señor para o que traballaba, sendo el cego e ela analfabeta, e que a mataran na porta do seu fogar o mesmo día da batida. Ao verse rodeados, Luís e José defendéronse a tiros e feriron a Refojo nun frustrado intento de fuxida. Mais non bastou con matalos a ambos e a Perfeuta. Cando dous días despois finou o falanxista, unha nova batida ao mando do aciago cabo Pena cobrouse a conta con outros nove veciños que, coma os



Ineses, sindicáranse para tentar mellorar os seus dereitos. Doce a un na macabra conta da morte.

Como pasara apenas dez días antes cos sindicalistas de Alcabre, os novos donos das vidas foron ao Frontón vigués dar caza a nove miñoráns e logo, con eles na camioneta, puxeron rumbo ao fogar ao que nunca habían de regresar. Eran José Rodríguez González, o Pelonio; Manuel Aballe Domínguez, Cholo; Modesto Fernández Rodríguez, o Rei Chiquito; Elías Alejandro Gonda Alonso, o Ghonda; Manuel Barbosa Durán, o ferreiro do Burgo; Fidel Leyenda Rodríguez, o tío Félix; Francisco Manuel Lijó Pérez, o Lijó; Felicísimo Antonio Pérez Pérez, e Generoso Valverde Iglesias, ao que chamaban Largo Caballero pola implicación coa República, que compartía co resto. Asasináronos nun dos lugares máis fermosos da costa galega, onde o mar bate enfurecido, e desde aquela noite a curva de Baredo foi, para sempre, a Volta dos Nove.

Alí, as cruces que noutro tempo se debuxaban na terra están hoxe gravadas nunha placa de ferro que auspiciou de volta o pobo a través do Instituto de Estudos Miñoráns. Porque como dixo o poeta Xosé Álvarez Cáccamo: “Ninguén conseguiu nunca silenciar a sentenza das nove cruces da volta de Baredo”.



COMO SE FIXO?

Na Bombardeira **Tanxugueiras** cantan *Autocracia* fronte ao monumento que lembra os nove mariñeiros asasinados na que, desde entón é, e será sempre, para a memoria do pobo, A Volta dos Nove.

Uxía conversa con **Xilberte Manso**, do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM).



>>>>> SÉTIMA PARADA

A VOLTA DA MOURA (GUILLAREI). O PERIGO QUE AXEXA

A memoria converteuse en herdanza e seguiu sendo reivindicada por quen chegou despois. A xeración filla. A neta. A bisneta. No verán de 2017, a asociación Levada Libre levantou un monumento en memoria de nove homes que foran asasinados en Guillarei, na Volta da Moura, confluencia entre os municipios de Tui, Porriño e Salceda de Caselas, no mesmo punto en que as clases traballadoras le-

vantaran barricadas para defender o soño colectivo naquel verán de 1936 que os golpistas tinxiron de sangue.

Caídas estas, Galiza quedou en mans da barbarie e ese mesmo xullo, que empezara republicano, ficou marcado pola represión no calendario da historia.

Para evidenciar a nova orde das cousas, os que se autoproclamaran donos das vidas converteron en paredón o lugar que acollera a resistencia, e durante as primeiras semanas de agosto mataron alí a José Juan Teijeira Coto, Saturnino Álvarez Sotellino, Víctor Valverde Mayo, Nemesio Álvarez, Ramón Vázquez Martínez, Antonio González Pazos, Arturo Solaña Muro, Joaquín Alonso Granados e José Fernández Miniño, dirixentes de partidos e agrupacións de carácter obreiro.

Marcaban así o lugar de resistencia como lugar de barbarie, sen prever que a memoria faría agromar a semente e, oito décadas despois, se-





PETISCO

38 |

A resistencia aos traidores á democracia tivo neste lugar unha das súas expresións máis intensas. A quietude indiferente das árbores e as flores presenciouno todo.

En 2017, a Asociación Levada Libre ergueu un monolito en homenaxe a toda a veciñanza do Porriño asasinada polos franquistas na Volta da Moura.

O monumento axiña apareceu roto e pintado. Reinaugurouse de novo, sen limpar nin recompoñer. Ese será o mellor xeito de que as novas xeracións teñan presente a verdade dos feitos e quen perpetrou o crime.

CARTOGRAFÍA MUSICAL DA MEMORIA HISTÓRICA DE PONTEVEDRA

ría o pobo o que reivindicase A Volta da Moura como lugar de recordo e homenaxe, a través da colocación dun monumento que lembra, xunto ás nove vítimas, o nome das sete mulleres que ficaran viúvas: Asunción, Carmiña, Emilia, Manuela, Carmen, Consolación de la Asunción e Elvira. Lembrábanas rexas como as barricadas, sendo quen de manter intacto na descendencia o recordo dos seus, malia a condena de ter que convivir cos asasinados, reconvertidos en amos das vilas.

Mais a barbarie tamén é teimuda e, de novo, como nun aviso do que pode volver ser, deu outra volta pola da Moura e, apenas uns días despois da inauguración, o monumento era obxecto dun acto vandálico que esnaquizaba a placa de pedra e botaba pintura verde sobre os nomes gravados no monolito. E así fica agora. Por decisión de Levada Libre non se limpará nin será repostado. Seguirá así, advertindo de que, malia o paso do tempo, o fas-



cismo segue ao axexo, querendo impoñer, non só o esquecemento, mesmo un relato tramposo. Contra iso, a semente dos arrebatados mantén os recordos furtados ao silencio e teima en “deixar rexistro contra o esquecemento, que sempre axexa”. Escribiuno Pepe Pereiro Francés, neto de Elena Mayo Valverde, a irmá de Víctor, no preludio dun texto no que deixou recollida a historia familiar. O seu avó, José Francés Carpintero, tamén foi represaliado. Fusilárono na Alameda de Tui o 27 de agosto de 1936, tras dúas semanas preso, e os irmáns de José, Antonio e Eleazar, foron paseados o 22 de setembro na curva de Tabagón, na parroquia tomiñense de Tebra, xunto a José Rocha, José Gobra Domínguez e José Gobra Rodríguez.

A terra da Galiza resistente foi sementada de cadáveres, mais a colleita interrompida volve agromar, vizosa, coa memoria en liza ata o último instante, igual que aquelas barricadas que no verán aciago de 1936 se negaron a renderse á barbarie ata o último alento.

«Mais, *apalpade a terra que está aquí a beira, esta terra que pisamos, aquí mesmo. Non notades coma un palpito alentando por embaixo, máis alá da codia fría?»¹.*



Ezetaerre interpretan na Volta da Moura *A herdanza do vento* e Blanca Francés, neta de **Elena Valverde**, lembra como a semente da memoria logrou agromar na familia malia a imposición do silencio. O neno é **André Ces**.

¹Parte do texto inscrito no monumento de *A Volta da Moura*, a partir dun escrito de Pepe Pereiro Francés.



>>>>> OITAVA PARADA

A ILLA DE SAN SIMÓN. O ÚLTIMO PASEO, ENTRE BUXOS

Nun paseo pola memoria da provincia de Pontevedra, San Simón é parada obrigada. O Lazareto, como lle chamaba a xente da contorna, foi un durísimo penal entre o outono de 1936 e a primavera de 1943. Un cárcere. Un campo de concentración. Non unha colonia penitenciaria como teimaba en dicir o franquismo.

A linguaxe non é inocente. O esquecemento tampouco.

A memoria do pobo acorda o tem-

po en que a illa amoreaba presos políticos. Homes sen delito ningún, castigados por devercer un tempo distinto, que se soñaron libres por última vez paseando entre buxos. “Quando seáis maiores y hagáis una visita a esta isla, no como yo la he hecho, a la fuerza y con las manos atadas, sino en plena libertad, recordad que allí ha estado vuestro padre. Que cada rincón de la isla es un recuerdo mío, que aquellos mirtos que forman un paseo, era lugar predilecto mío y en el que me entregaba a mis meditaciones. Que en él pasaba la mayor parte de las horas del día acariciando la esperanza de algún día ser libre para llevar a mi hogar la alegría perdida y volver a ser para vosotros y vivir para vosotros”, escribiu José Mejuto días antes de ser fusilado. Con outros presos non foi preciso o paredón. Matounos a fame, as enfermidades contraídas polas duras condicións climáticas, a inxestión de moluscos en mal estado e mesmo comer ratos transmisores do tifo.





PETISCO

Moitas das voces
disidentes, persoas que poderían ter
marcado o rumbo doutro país posíbel,
encontraron aquí o sufrimento, a dor e
a morte. Nin Ulises nin Circe. De novo
as mulleres: mulleres de Cesantes,
Cedeira, Redondela, Reboreda, Ventosela
e da volta... As madiñas de San Simón.

Mulleres solidarias

cos máis, proporcionándolles atencións a
moitos dos presos que aquí chegaban.

O noso país foi un lugar de resistencia:
os muros do medo súbense polos
chanzos dos nosos soños. Xustiza, paz
e dignidade. Pasado, presente e futuro.

Voces da memoria.

Só a solidariedade das familias da
contorna, e nomeadamente das mu-
lles, deulles un respiro. As madi-
ñas lavábanlles a roupa, levábanlles
empanadas no tempo da fame e con-
solábanos do medo que provocaba a
incerteza de non saber se aquela noite
ían estar entre os viaxeiros da Raposa,
como lle chamaban á motora que le-
vaba na noite os homes que logo apa-
recerían na madrugada, sen vida, nas
gabias. Ou aos que nunca retornaron
do fondo do mar.

A illa amoreou tristezas de homes.
A centos.

Coa caída da fronte Norte, a che-
gada de presos asturianos, vascos ou
cántabros foi esgotando a capacida-
de da illa, e as bodegas do barco Upo
Mendi acabaron convertidas en celas
de gudarís desprovistos ata do corre-
dor de buxos. Conta a memoria oral
que tapaban con cancións dedicadas
ás madiñas o son das tripas fementas,
dos paseos na noite, das diatribas do
padre Nieto -un tiritito máis que aún no



está bien muerto-, das chantaxes sexuais que algúns gardas propuñan ás mulleres a cambio de borrar o nome do home da lista da Raposa.

O canto é unha forma de resistencia. Como a memoria. Despois do golpe de estado, o Lazareto ficou ligado para sempre á historia dos presos, das madiñas, dos paseos nocturnos, dos traballos forzosos para construír o peirao de Santa Cristina de Cobres, das familias percorrendo quilómetros para probar sorte, a ver se desta eran quen de ver o ser querido sen que os gardas as mandasen de volta coas mans baleiras.

No ano 2006, a Xunta institucionalizou o que o pobo xa sabía: San Simón era, e será sempre, a illa da memoria, o lugar de lembranza das vítimas da barbarie fascista. Mais o cambio no goberno autonómico desbotou a denominación e no lugar que fora campo de concentración agromaron actos que as familias e o movemento memorialista consideran pouco respectuosos coa lembranza das vítimas.

O paseo de Acorda remata nesa illa cun berro coral: San Simón é, e será sempre, a nosa illa da memoria.



En San Simón gravouse *Paxaros que cantan*, composta *ad hoc* para este documental por **Uxía**, que a interpreta con **Su Garrido Pombo**, responsábel dos arranxos. Na reivindicada illa da memoria atopamos ademais o testemuño de **Eduardo R. Cunha**, Tatán; **Tero Rodríguez** volve ser Ernestina Otero; e o actor **Andrés Giráldez** métese na pel de José Mejuto, un dos condenados a morte que pasou os seus últimos días no penal da illa. Foi alí onde escribiu a emotiva carta da que se extraen algúns parágrafos aos que lles pon voz Andrés.



AUTORA IMAXES: ALBA DÍAZ

Alba Díaz (1979) é mestra do ensino público e fotógrafa, logo de anos de exploración e de estudo en que tamén fotografou artistas, cantantes ou músicas.

O retrato, así como os espazos persoais e as atmosferas de traballo ou creación son, neste momento, dúas das inquedanzas recorrentes a partir das que organiza o seu proceso artístico, en evolución constante.

En 2019 comisariou e participou na exposición *Hab(v)elas* no Vello Cárcere de Lugo. En 2020 a súa mostra *Miradas na ducha* expúxose no IES Basanta Silva de Vilalba e estreou a exposición *María Violencia* na Galería Vieiros de Lugo.

Ten colaborado ocasionalmente con xornais e medios de prensa e é autora da portada do libro de poemas *Long Play* (Edicións Xerais, 2017), de Lois Pérez. En novembro de 2017 obtivo dous galardóns: o Premio á Mellor Fotografía de temática libre do XXIII Maratón Fotográfico del Campus Terra da USC por *Mulleres invisíbeis* e un Accésit na modalidade de Persoas e Máquinas por *Cando espertou, a máquina aínda estaba alí*. En 2019, dúas fotografías súas resultan finalistas do VI Certame de Fotografía Ruth Matilda Anderson, organizado pola USC.

AUTORA TEXTOS: MONTSE FAJARDO

Montse Fajardo (1973) é licenciada en Ciencias Políticas e xornalista, e desde hai algúns anos especializouse na recuperación da memoria histórica con perspectiva de xénero.

Autora dos libros *Matriarcas*, *Un cesto de mazás*, *Invisibles* (Edicións Matriarcas), *O escalón de Ulises* (Concello de Pontevedra) e *A vida incerta* (Edicións do Cumio), colaborou ademais con diversas publicacións colectivas e de distintas autorías.

Foi redactora e coordinadora do programa municipal *A memoria das mulleres* do Concello de Pontevedra e no seu seno colaborou coa exposición *Do gris ao violeta*. Ademais foi comisaria da exposición *Rexas, mulleres baixo o terror franquista*, promovida pola Deputación de Pontevedra.

Na actualidade exerce como técnica de Memoria Histórica no organismo provincial.

AUTOR PETISCOS: LOIS PÉREZ


Lois Pérez (1979) é mestre de ensino público, narrador e humorista.

Gañou o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico coa peza *Saltimbanqui* e foi mención especial no Pedrón de Ouro polo relato *A corrente salvaxe*. En 2013 publicou con Emerxente Editora o poemario *LP* e en 2017 *Long Play* con Edicións Xerais.

Como narrador oral participa de xeito regular en actividades de centros de ensino, feiras de libro ou locais de ocio.

Como mestre, coordinou os proxectos *Mergullados nos mares da palabra*, premio de Innovación Educativa en Normalización Lingüística; *A imaxinación no peto*, premio Antonio Fraguas e Irradia Lingua.





VOLTA DOS 9

15 OUTUBRO 1936

AQUI FORON ASASINADOS

MODESTO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ "O BEI CHIQUI"

ELIAS ALEJANDRO GONDA ALONSO "O GHONDA"

MANUEL FRANCISCO LIJO PEREZ "O LIJO"

MANUEL BARBOSA DURAN "O FERREIRO DO BURGO"

JOSÉ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ "O PELONÍO"

FELICÍSIMO ANTONIO PÉREZ PÉREZ

GENEROSO VALVERDE IGLESIAS

MANUEL ABALLE DOMÍNGUEZ

FIDEL LEYENDA RODRÍGUEZ

15 OUTUBRO 2005

BIBLIOGRAFÍA

- Bará Torres, Luís. *Lola Rodal, a paixón da memoria resistente*.
<http://nondesaesquecimento.blogspot.com/2014/12/lola-rodal-paixon-da-memoria-resistente.html>
- Bará Torres, Luís. *Volver do mar III-Cangas*.
<http://nondesaesquecimento.blogspot.com/2015/12/volver-do-mar-iii-cangas.html>
- Comesaña Pampillón, Telmo. Testemuño de Argentina Comesaña Fernández (texto inédito)
- Comesaña Pampillón, Telmo. *Era martes*. <http://loquesomos.org/era-martes>
- Fajardo Pérez, Montse. *As familias do 12 de novembro*. (Concello de Pontevedra, 2016).
www.dogrisaovioleta.gal/recursos/publicacions/folletos-e-libros
- Fajardo Pérez, Montse. *A escola represaliada*. (Concello de Pontevedra, 2018)
www.dogrisaovioleta.gal/recursos/publicacions/folletos-e-libros
- Fajardo Pérez, Montse. *A volta das nove*. (Instituto de Estudos Miñoráns, 2019)
www.dogrisaovioleta.gal/recursos/publicacions/folletos-e-libros
- Pereiro Francés, Pepe. *Para non esquecer* (texto inédito).
- Garrido Couceiro, Xoán Carlos. *Os seis da ponte do Regueiro*. www.tabeirosmontes.com
www.tabeirosmontes.com/ponte-do-regueiro.html
- Histagra. *Carmen Pesqueira, a Capirota*. Nomes e voces.
www.nomesevoces.net/gl/persoa/27/carmen-pesqueira-dominguez-a-capirota



